CA1.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Usar diariamente o material de aseo e hidratación segundo o seu esforzo como rutina saudable.		
CA1.4 - Adquirir hábitos de vida saudables (alimentación equilibrada, hidratación adecuada e actividad física regular) e convertelos en algo perdurable ao longo de toda a vida.	Uso diario do material de aseo e hidratación	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Resolución dialogada dos conflitos		
CA2.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Integrar coñecementos propios da actividade		
CA2.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Integrar na práctica de actividades motrices, rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable		
CA3.5 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosostible da contorna e comunitaria.	Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano		
CA4.3 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecimiento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma assertiva.	Mostrar esforzo no desenvolvemento das clases a travé dunha participación activa.		
CA4.5 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Resolución dialogada dos conflitos		
CA5.2 - Participar en actividades de carácter motor, desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecimiento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma assertiva.	Implicación motriz activa no desenvolvemento das tarefas		
CA6.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Integrar coñecementos propios da actividade		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosostible da contorna e comunitaria.	Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos do estilo de vida activo. - Saúde social: - Hábitos autónomos de hixiene corporal e postural en accións cotiás. - Toma de decisións: - Selección de accións en función da contorna en situacións motrices individuais. - Autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais durante a práctica motriz. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices (discriminación por cuestións de xénero, de capacidade, de competencia motriz; actitudes xenófobas, racistas ou de índole sexista; abuso sexual ou calquera forma de violencia). - Achechas da cultura motriz á heranza cultural. Os deportes e os xogos tradicionais populares e autóctonos como sinal de identidade cultural. - Normas de uso: a educación viaria desde a actividade física e deportiva. - Transporte activo e sustentable: bicicletas, patíns, patinetes. - Realización de actividades físicas no medio natural e urbano. - Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
13	Xogos populares	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Usar diariamente o material de aseo e hidratación segundo o seu esforzo como rutina saudable.		
CA1.6 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Resolución dialogada dos conflitos		
CA1.7 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reproducción no futuro.	Evita a discriminación sen importar o contexto ou actividade.		
CA2.6 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecimiento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma assertiva.	Mostrar esforzo no desenvolvemento das clases a travé dunha participación activa.		
CA3.2 - Aplicar principios básicos de decisiones en situacíons lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacíons individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación.	Tomar decisiones individuais Utilizar tácticas de cooperación e/ou oposición	TI	100
CA4.2 - Aplicar principios básicos de decisiones en situacíons lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacíons individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as soluciones obtidas.	Tomar decisiones individuais. Utilizar tácticas de cooperación e/ou oposición		
CA4.3 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecimiento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma assertiva.	Mostrar esforzo no desenvolvemento das clases a travé dunha participación activa.		
CA4.4 - Respectar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportivididade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Respectar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportivididade e do xogo limpo,		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Resolución dialogada dos conflitos		
CA5.3 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutras procedentes de diversas culturas, recoñecendo e transmitindo o seu valor cultural e o seu potencial como espazo xerador de interaccións construtivas entre persoas con orixes diferentes e entendendo as vantaxes da súa conservación.	Mostrar esforzo no desenvolvemento das clases a través dunha participación activa		
CA6.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándooas ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Integrar na práctica de actividades motrices, rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde social: - Saúde mental: - Consolidación e axuste realista do autoconcepto tendo en conta a perspectiva de xénero. - Respecto e aceptación do propio corpo e do aspecto corporal dos demás. - Usos e finalidades: catárticos, lúdico-recreativos, competitivos e agonísticos. - Utilización adecuada e coidado do material, espazos e instalacións na práctica da actividade física. - Hábitos autónomos de hixiene corporal e postural en accións cotiás. - Prevención de accidentes e lesións nas prácticas motrices: quecemento xeral, dosificación do esforzo e volta á calma. Importancia de respectar as normas de seguridade. Compromiso de responsabilidade cara á seguridade propia e á dos demás. - Toma de decisións: - Adecuación de accións para o axuste espazo-temporal na interacción cos compañeiros en situacións cooperativas. - Autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demás durante a práctica motriz.

Contidos

- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices (discriminación por cuestións de xénero, de capacidade, de competencia motriz; actitudes xenófobas, racistas ou de índole sexista; abuso sexual ou calquera forma de violencia).
- Achechas da cultura motriz á heranza cultural. Os deportes e os xogos tradicionais populares e autóctonos como sinal de identidade cultural.
- Coñecemento e execución de bailes e danzas populares de Galicia, de España e do mundo.
- Construcción e reutilización de materiais para a práctica motriz, fomentando a sensibilización sobre a xeración de residuos.

4.1. Concreciones metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítense en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo do curso.

As diferentes UD permitirán , no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensados para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

Polo tanto, a metodoloxía a utilizar será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos/as.

Principios básicos:

- Partir da actividade constructivista do alumno/a, como factor decisivo na consecución das aprendizaxes, xa que é o que constrúe as súas propias aprendizaxes sendo o profesor un mero guía.
- Ofrecer oportunidades novas que poñan en relación os coñecementos adquiridos cos xa existentes procurando garantir a funcionalidade das aprendizaxes.
- A relación entre iguais, a toma de decisións colectivas, a superación de conflitos a través de o dialogo son premisas básicas a ter en conta e aplicables a través do xogo, aínda que non todo será lúdico, xa que haberá tarefas específicas que requiran un esforzo por non conter características básicas do xogo.
- Pretender que os alumnos e alumnas exploren, descubran e crean nas súas posibilidades de movemento. Non hai que conseguir unha resposta motora única e válida para todos, senón que a través de xogos de ocupación do espazo e aspectos temporais, aprende a utilizar e organizar o movemento. Máis adiante combina aspectos de espazo e tempo en estruturas más complexas.
- Tratar de desenvolver capacidades motoras e habilidades e destrezas básicas para futuras prácticas da actividade física. Establecéndose situacións de dificultade gradual.
- Realizar ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe unha avaliación continua, na que se pretende describir e interpretar, pasando por unha avaliación global que considera todos os elementos e procesos que están relacionados co que é obxecto de avaliación.

Por tanto a proposta pedagóxica da que partiremos será a seguinte:

- * Ter en conta as súas motivacións e intereses para poder desenvolver os seus coñecementos.
- * Facilitar e promover a aprendizaxe significativa.
- * Posibilitar que o alumnado desenvolva unha intensa actividade.
- * O xogo como recurso e non só como fin. Sendo unha ferramenta fundamental para o logro de aprendizaxes significativas.
- * Impulsar as relacións entre iguais.

Por último, fomentaré a estratexia na práctica como unha forma de presentar a tarefa na aula. Neste caso poderá ser global o analítica, baseándose na complexidade e a organización da propia tarefa.

Os criterios de agrupamento do alumnado será flexible, facilitando a interacción segundo as posibilidades, tendo en

conta as medidas de seguridade hixiénico-sanitarias e a toma de decisións por parte do alumnado. Deste xeito desenvólvense actitudes de tolerancia, respecto as diferenzas e a non-discriminación.

Por último, adicaré, alomenos, uns 5 minutos, ao inicio e/ou remate da sesión para lembrarlles o traballado nesta sesión ou anteriores para afianzar coñecementos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material dixital audiovisual
Textos de lectura compresiva
Material deportivo propio de la UD
Material auxiliar funxible segundo a UD a traballar
Material de elaboración propias. Mat. reciclable
Follas de rexistro e outras taboas de indicadores.

No centro dispoñemos para o desenvolvemento de está area de dous espazos a maiores ademais da propia aula do alumnado (onde presentaremos e desenvolveremos algúns dos contidos dixitais), o ximnasio de EF xunto ao almacen, onde atoparemos todos os materiais específicos para a práctica co alumnado e a pista cuberta exterior.

Nalgunha UD e como actividades complementarias as mesmas, faranse saídas fora do centro coa autorización familiar.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación debe ser entendida como unha práctica reflexiva que nos permita comprender mellor o que sucede no escenario educativo. Tamén nos permitirá investigar sobre a nossa propia práctica. Polo tanto, a avaliación débenos servir para acumular o maior número de información sobre un alumno e sobre todos os aspectos que determinan o proceso de aprendizaxe.

En Educación Física a avaliación posúe unha serie de peculiaridades que se deben ter en conta:

- O carácter lúdico que a actividade físico-deportiva posúe fai que os obxectivos que se plantean sexan de satisfacción persoal. Xerar actitudes positivas e duradeiras é unha meta a longo prazo, logo non debemos obsesionarnos con obxectivos inmediatos.
- A estreita relación entre motricidade e desenvolvemento evolutivo desvirtúa os éxitos conseguidos polo profesorado.
- As condicións en que se desenvolve a área: número de alumnos, tempo dispoñible, necesidade de instrumentos ou condicións específicas e a imposibilidade de avaliar de forma masiva poden restar eficacia á avaliación. Polo tanto é necesario abordar estas condicións con criterios realistas, debemos seleccionar instrumentos que pola súa economía, facilidade de aplicación, fluidez na organización e calidade da información recollida alteren menos o ritmo de clase.
- Ten que de compaxinar as apreciacións subxectivas coas obxectivas, tanto unhas como outras poden alterar a información. Os obxectivos actitudinais poden perderse na subxectividade e a práctica exclusiva de probas obxectivas reduce o progreso do alumno fronte á norma.
- A ausencia dun contido estable definido e uniforme fai que se imparta substancialmente de forma diferente segundo as circunstancias da contorna.

Revisado o expediente individualizado do alumnado, e consultados titores/as sobre información relevante existente para a práctica da EF por parte do alumno/a, e có obxectivo de coñecer o punto de partida do alumnado, o mestre usará unhas follas de observación. Cada folla reflexa uns ítems xerais (que facilitan o traballo do mestre e a identificación dos posibles problemas dos nenos/as para acadar algúns deles) fundamentados nos obxectivos e criterios de avaliación correspondentes.

Asi mesmo, contaremos coa colaboración das familias para recoller información relevante sobre a saúde do alumnado de cara á actividade física.

Esta avaliação inicial levarase a cabo ao longo da primeira semana a través de xogos grupais e actividades individuais, tendo en conta ao alumnado do centro e aos de nova incorporación.

A partir da observación o mestre dispón dunha información que orientará a actuación co alumnado de modo axustado ás súas posibilidades, de xeito que se é necesario establezca algun tipo de reforzo e nos casos máis significativos a comunicación co DO do centro.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliação por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	1	14	7	10	7	10	7	9	5	15
Proba escrita	0	15	15	15	0	15	15	15	0	15
Táboa de indicadores	100	85	85	85	100	85	85	85	100	85

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	3	3	100
Proba escrita	15	0	0	12
Táboa de indicadores	85	100	100	88

Criterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliação. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado prograza adequadamente, é dicir, se desenvolven as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita melloraralgúns aspectos.

Todo alumnado ten dereito a unha avaliação máis obxectiva posible e debe coñecer claramente o sistema de avaliação de forma que o/a alumno/a teña control sobre a aprendizaxe e a avaliação.

Débense variar os instrumentos de avaliação para obter información desde diferentes fontes, e desta forma orientar o proceso e realizar axustes sempre que sexa necesario.

A avaliação ideal debe estar centrada no alumnado. E isto significa que non vale a mesma avaliação para todos porque non todos aprenden da mesma forma. Algunxs poden pensar que temos que facer unha avaliação para cada neno/a, pero se traballas por niveis poderemos identificar o nivel do alumnado e a partir de aí preparar a avaliação.

COMO AVALIAR AO NOSO ALUMNADO?

O resultado obtido do individuo compararase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas.

É unha programación didáctica baseada en técnicas de observación para a avaliação

Reixistraremos diariamente o que acontece nas sesións, poidendo empregar diferentes Instrumentos de Avaliación:

- ESCALAS DE VALORACIÓN: cada U.D. inclúe a escala que se aplicará nela.
- REXISTRO ANECDÓTICO: reflectiranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliação do alumnado, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.
- LISTAS DE CONTROL: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará simplemente se se realizan ou non.
- RÚBRICAS: instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis,

mediante a disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.

- COAVALIACIÓN: o alumnado será o responsable de avaliar aos seus compañeiros en aspectos e accións definidas polo docente.

- TEST MOTORES: miden as cualidades físicas básicas que posúe o alumnado para realizar unha actividade física.

- LUDOGRAMAS: permite observar e representar o rol dos xogadores; e contabilizar accións (por exemplo, o número de pases que fai).

- SOCIOGRAMA. permitirános coñecer as relacións sociais que existen dentro dos membros do grupo.

CANDO SE AVALÍA?

1- AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliárase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliação. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliação xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD do apartado 3.3. Avaliación das Unidades Didácticas desta programación.

2- AVALIACIÓN DO TRIMESTRE:

Para avaliar cada trimestres teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres.

A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, sempre tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1. Relación das Unidades Didácticas desta programación.

Para obter a cualificación numérica sobre a avaliação do alumnado, haberá una ponderación porcentual da seguinte maneira:

- A avaliação da práctica motriz do alumnado sera o 55% da nota final. Para iso faranxe probas prácticas motoricas específicas segundo o contido, e a observación sistematica e continuada da súa práctica motriz.

-A avaliação de todas aqueles aspectos actitudinais do día a día como son: o grado de participación /colaboración, práctica de aseo posterior á actividades física, respeto aos compañeiros/as, coidado do material... 30%

-A avaliação de contidos teórico prácticos mediante proba escrita un 15%

o 100% da nota da avaliação finla obterase do xeito seguinte:

-1º trimestre:30%

- 2º trimestre:30%

- 3º trimestre: 40%

Cando a cualificación obtinda, tanto trimestral como final, fora un resultado con decimais, por defecto aplciarase o seguinte:

- Se o decimal está entre 0 -49, o número de nota enteira será o mesmo que sen decimais.

- Se o decimal está entre 50-99, o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

Aínda así, se a progresión do alumnado é positiva e o mestre o equipo docente argumenta en Xunta de Avaliación a conveniencia de non aplicar o anterior, prevalecerá por razóns pedagoxicas e beneficio do alumnado a decisión adoptada.

Criterios de recuperación:

Tendo en conta a avaliação continua e o planteamento curricular de xeito competencial. O alumnado que non supere algunha avaliação poderá na seguinte recuperala sempre que consiga una avaliação positiva, e para iso o mestre poderá adoptar as seguintes medidas, entre outras:

-Adaptar e modificar os agrupamentos para a realización das tarefas.

-Facilitar o ensino coa axuda do alumnado.

-Utilizar reforzos positivos de modo sistemático.

-Modificar as actividades para facilitar a participación de todo o alumnado.

-Adaptar os roles a desenvolver nos xogos para facilitar unha maior participación dalgúns alumnos/as.

-Modificar a estructura inicial da sesión, adicando máis tempo a aquellas partes que o mestre considere necesario.

O procedemento de recuperación será o seguinte:

-Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase de xeito práctico o que o alumno/a necesita mellorar e como poder facelo cunha breve proposta de mellora.

-Ademais, é de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual, explicándolle verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliação final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos

-Se se trata de algo más ben específico (por ex.: un traballo a entregar), no último trimestre poderá presentar dito

traballo ou actividade se fora necesario.

-Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo e que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade estará orientada a permitir que todo o alumnado poida alcanzar os obxectivos e as competencias da etapa, así como o nivel de desempeño esperado ao termo da educación primaria de acordo co perfil de saída, polo que en ningún caso poderán supoñer unha discriminación que impida a quen se beneficie delas acadar a promoción ao seguinte ciclo ou etapa.

Polo tanto entenderé á atención á diversidade como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta as diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais, culturais, lingüísticas e de saúde do alumnado. Constitúe, polo tanto, un principio fundamental que debe rexer para asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas ante a educación e evitar, na medida do posible, o fracaso escolar e o consecuente risco de abandono do sistema educativo.

É por iso que comezararemos coa atención a esta diversidade no desenvolvemento diario das sesións de traballo por medio dun axuste continuo das estratexias de ensino e aprendizaxe, onde contémplense as diversas axudas pedagóxicas que permitan ao alumnado seguir o proceso en función das súas motivacións, intereses e capacidades. Prestareille atención á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

Os mecanismos de reforzo poñereinos en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos coma curriculares.

Estas medidas concretaranse na práctica cotiá adaptando os obxectivos, priorizar e seleccionando os contidos e concretando os criterios de avaliación, sempre tendo en conta as competencias clave co neno debe lograr ao final do proceso de ensino na etapa de Primaria, a través da organización da clase en canto a espazos, materiais, agrupamento de alumnos/as, tipos de axudas necesarios para cada alumno/a non seu proceso de construcción da aprendizaxe.

Todo isto o poderemos clasificar en dous tipos de medidas:

Medidas ordinarias

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Todas aquellas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas. É dicir, utilización e modificación de diferentes estratexias metodológicas.

Medidas extraordinarias

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

Todas aquellas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requerir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Para a súa aplicación será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

En definitiva a nosa programación deberá atendelos en función da diversidade e modificando as seguintes cuestións:

- Facilitar o acceso do alumno/a ao traballo cotiá.
- Buscar a vía de comunicación más clara para o/a neno/a.
- Procurar nos casos precisos a axuda dun compaño/a para delimitar, ademais da descripción previa, o espazo de movemento do neno/a.

- Adaptar os móveis a utilizar nas clases, para que o alumnado poida desenvolver con normalidade o programa.
- Eliminaranse as actividades de desenvolvemento complexo en canto a obstáculos de diferentes alturas, espazos, materiais...
- Reproducir as explicacións das posibles dúbidas que xorden nas sesións para mellor a comprensión naqueles alumnos/as con dificultades
- Elaborar sesións adaptadas ao alumnado que nos ocupa en colaboración co persoal especializado (Coordinar co equipo de orientación)
- Atención ao alumnado con necesidades educativas temporais.
- Traballar o respecto cara as diferenzas individuais, a aceptación dun mesmo e dos demás.
- Valorar o seu esforzo e participación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lecto-escritura		X	X	X		X	X	X
ET.2 - Tratamento dixital do contido. Comunicación audiovisual		X	X	X		X	X	X
ET.3 - Igualdade de xenero		X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade		X			X		X	
ET.5 - Resolución de conflitos		X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Traballo en equipo		X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación en valores e respeto. Empatía. Aprender a escuchar		X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde		X				X	X	
ET.9 - Educación para o consumo responsable					X	X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión de lecto-escritura		X	X		
ET.2 - Tratamento dixital do contido. Comunicación audiovisual		X	X		
ET.3 - Igualdade de xenero	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade	X				
ET.5 - Resolución de conflitos	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.6 - Traballo en equipo	X	X	X		X
ET.7 - Educación en valores e respeito. Empatía. Aprender a escoitar	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde				X	
ET.9 - Educación para o consumo responsable		X	X		

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída en bicicleta polo Concello	Saída en bicicleta en colaboración co concello na que se visita un edificio o institución destacable do Concello. É unha actividade aberta ás familias. Complementaria ao Proxecto de Ed. Vial do centro e da UD4	X		X
Saída de Orientación	Actividade no exterior do centro na que percorremos un espazo determinado co obxectivo de atopar diferentes fotografías e superar diferentes probas . É unha actividade complementaria á UD 4		X	
Saída de senderismo URBANA	Andaina dirixida a un entorno natural do propio concello (praia).			X
Andaina fin de curso	No remate das clases, faremos unha andaina con todo o alumnado do cole pola contornas do concello limitrofe ao noso			X
Entroido	Desfile do alumnado de todo o centro pola contorna próxima ao centro		X	
Magosto	Faranse xogos cos diversos cursos de primaria na celebración do magosto	X		

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Dáse un peso real á observación do traballo na aula

Metodoloxía empregada

Fomentase a utilización de actividades que favorezcan o aprendizaxe xerando conflito cognitivo no alumnado

Como norma xeral, fanse explicacións xerais e/ou individuais segundo as características do alumnado do grupo

Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar

Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita

Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas/traballos, etc.

Analízase e coméntase co alumnado os aspectos más significativos da corrección de probas, traballos

Medidas de atención á diversidade

Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado

Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.

As medidas de apoio, reforzo, etc. son axeitadas

Clima de traballo na aula

Promovose a participación activa de todo o alumnado

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Contemplase a comunicación e colabroación coas familias.

Grao de implicación do profesorado nas función de titoría e orientación

Outros

Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe

Descripción:

Estos indicadores recollen o proceso de ensino e por outra banda a práctica docente. Son indicadores que en una tabla de escala se puntuarán do 1 ao 4, sendo o 4 o máximo grao de cumprimento do indicador.

En liñas xerais, farase un seguimiento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último reflicte nas correspondentes actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral a necesidade de mellorar se fora o caso.

Na funcionalidade da PD tamén se incluirán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e, entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimiento desta funcionalidade da PD, así como cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación, e parar iso utilizaremos unha tabla de escalas do 1 ao 4, sendo 4 a puntuación de máx grao de cumprimento. Con indicadores de logro dos mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica.

Os indicadores a puntuar son os seguintes:

- 1.Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
- 2.Adecuación da secuenciación e da temporalización das UD/temas/proxectos.
- 3.O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización previstas.
- 4.Adecuación da secuenciación dos CA para cada unha das unidades
- 5.Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada CA.
- 6.Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- 7.Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- 8.Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.
- 9.Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dalgunha proba.
- 10.Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- 11.Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
- 12.Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación.
- 13.Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso no apartado correspondente do PROENS.
- 14.Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- 15.Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados